

PLOTINO

Plotino (~205 d.C. Licópolis, Egipto-270 d.C. Campania, Italia)

Vivió a crise do século III do Imperio Romano, un período de caos político, económico e militar. Estudou filosofía en Alexandría baixo Amonio Saccas. No ano 242 uniuse á campaña do emperador Gordiano III contra Persia, interesado na sabedoría oriental, pero tras o fracaso da expedición e a morte do emperador instalouse en Roma arredor do 244, onde reuniu discípulos. Tras a súa morte, o seu discípulo Porfirio compilou os seus escritos nas Enéadas, a súa obra principal.

Plotino fundou o neoplatonismo, expandindo o platonismo cunha xerarquía de emanacións divinas, influíndo en figuras coma San Agustín e diversos pensamentos relixiosos.

Platón fala de dous mundos distintos: O mundo inferior ou sensible, o mundo que sentimos nos, imperfecto e cambiante; e o mundo das ideas ou intelixible, contén formas perfectas coma a beleza ideal. É perfecto e inmutable.

Plotino expande sobre este pensamento, imaxina unha estrutura de tres hipóstasis principais:

- O Un: orixe de todo, considerada unha luz infinita que emana permanentemente, fonte de todo o que existe.
- O Nous: O primeiro en emanar do Un, equivalente ao mundo das Ideas
- A Alma: Emanada do Nous
 - A alma humana pode recordar a a súa orixe divina mediante a razón e a virtude
 - Alma superior: non descende ao corpo, conectada co nous, “perfecta”
 - Alma inferior: Crea e descende ao mundo sensible, manexa as funcións vitais; crecemento, sensación, movemento e desexos.
- Mundo sensible (non é unha hipóstasis): Emanada da Alma
 - Ausencia de ben xera desexo e sufrimento.

Plotino ve o cosmos como unha entidade viva, que debe ter movemento. Este movemento consta de dúas fases que se van repetindo:

- Emanación (descenso): todo flúe do Un, do Un ao Nous á Alma e o sensible.
- Retorno (ascenso): o obxectivo da vida é volver ao Un mediante o desapego do material e o pensamento.

As Enéadas: unha obra compilada por Porfirio dos escritos de Plotino

- Enéada I: Trata da Alma, a virtude, a felicidade e a beleza, destacando a ascensión da Alma cara ao divino mediante a contemplación.
- Enéada II: analiza o cosmos, a materia e os astros, defendendo a súa orde como reflexo do intelecto, e critica as visións gnósticas.
- Enéada III: aborda o destino, a providencia, o amor e o tempo, explicando como o cosmos está ordenado cara o ben.
- Enéada IV: profundiza na natureza da Alma, a súa relación co corpo e o seu retorno ao mundo intelixible.
- Enéada V: explora o Intelecto, a súa relación co Un e a Alma, e a primacía do intelixible sobre o sensible.
- Enéada VI: examina o Un, a súa transcendencia, a multiplicidade do ser e a unidade última da realidade.